

**CORONAVIRUS: CESE DE ACTIVIDADES LECTIVAS NO COLEXIO E
MEDIDAS ADOPTADAS**

Estimadas familias.

Logo de recibir instruccións da Consellería de Educación e facer unha valoración das medidas adoptadas comunico as seguintes medidas:

- *A partir do luns 16, e ata novo aviso, quedan suspendidas as actividades lectivas no colexio. Tamén suspéndense os servizos de madrugadores, comedor e actividades extraescolares.*
- *O acceso ao colexio neste periodo estará restrinxido ao profesorado e persoal non docente. Extraordinariamente atenderase en Secretaría ás familias que participan no proceso de admisión 2020-21. O resto de consultas ou trámites co centro deben realizarse a través do teléfono ou correo electrónico.*
- *TAREFAS. As titoras-es publicarán na web do colexio, no apartado da súa aula, tarefas e recomendacións para o alumnado. De igual xeito, Abalar Móbil poderá ser utilizado para calquera tipo de comunicación.*
- *EDIXGAL. O alumnado de 5º e 6ºEP seguirá recibindo tarefas e actividades a través da plataforma EVA.*

Estas medidas poden cambiar se recibimos novas instruccións das autoridades educativas e/ou gubernamentais, así que pedimos que estedes atentos-as ás mensaxes pola web e abalar móbil.

Moito ánimo para todas-os, e vémonos pronto!.

A Coruña, 13 de marzo de 2020

A Dirección